# GUÍA PARA FACER BUSCAS DE NORMATIVA

# EN

# MINERVA

INDICE

1. Minerva: o repositorio institucional. Introdución ........ 3
2. As buscas na colección de Xestión Académica ........ 6
3. As opcións máis recomendables de busca ........ 8
4. Utilizar as opcións de ordenación para ordear os resultados por datas ........ 13
5. Busca usando os operadores booleanos: AND – OR – NOT ........ 15
6. Busca por materia / palabras “chave” ........ 17
7. Os filtros avanzados de busca ........ 21
8. Conclusión ........ 23

# 1. Minerva: o repositorio institucional. Introdución.

O repositorio institucional Minerva clasifícase en comunidades e coleccións. A **normativa de xestión académica** é unha colección dentro da comunidade *Institucional*, subcomunidade *Documentación Institucional* e, dentro desta, na subcomunidade *Normativa.*

As buscas pódense facer en todo Minerva, nunha subcomunidade ou nunha colección concreta. O máis práctico é facer a busca dentro da subcomunidade *Normativa*, se queremos facer unha busca en todas as coleccións desta subcomunidade, ou na colección concreta de **Xestión Académica** (o máis habitual para acotar a normativa específica desta área).



# Institucional

LISTAR POR

Por data de publicación | Autores | Títulos | Materias

Buscar nesta comunidade e nas súas coleccións:

Ir



Documentos de carácter institucional resultantes da actividade das diferentes unidades e servizos da USC.

## Subcomunidades nesta comunidade

Documentación institucional [1117]

Facultades e Escolas Universitarias [4]

Servizos Universitarios [533]





# Documentación institucional

LISTAR POR

Por data de publicación | Autores | Títulos | Materias

Buscar nesta comunidade e nas súas coleccións:

Ir

## Subcomunidades nesta comunidade

Actos académicos, discursos,... [0]

Memorias [1]

Normativa [1116]

## Envíos recentes

Resolución Reitoral do 06-02-2017 pola que se publica a convocatoria para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para as persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral. Curso 2017-2018

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2017-02-06)

Buscas

Buscar en Minerva

Esta comunidade

LISTAR

Todo Minerva

Comunidades e coleccións

Por data de publicación

Autores

Títulos

Materias

Esta comunidade

Por data de publicación

Autores

Títulos

Materias

Na subcomunidade de *Normativa* agrúpanse varias coleccións, entre as que se inclúe a de *Xestión Académica*. Ao carón de cada colección indícanse o número de normas publicadas. Hai que ter en conta que unha mesma norma pode estar vencellada a máis dunha colección.

Se facemos unha busca neste nivel, as normas publicadas que mostrará serán de todas as coleccións da subcomunidade. Se facemos a busca nunha colección concreta (por exemplo, *Xestión Académica*), só mostrará as vencelladas a esta colección. En cada comunidade ou colección mostraranse na parte inferior os *envíos recentes*. Isto refírese tanto ás novas publicacións como ás modificacións de publicacións anteriores.



## 2. As buscas na colección de Xestión Académica

Nesta páxina, na parte central, móstranse 4 opcións para listar:

- Por **data de publicación**. Permite listar todas as normas da colección por orde de data ascendente (de máis antigo a máis recente) ou descendente (de máis recente a máis antiga). Tamén se pode acotar un ano determinado en orde ascendente ou descendente. Non permite buscar por unha data concreta. Isto faise no buscador, como logo se explica.
- Por **autores**: esta opción non é útil para a busca de normativa, xa que os autores son sempre Universidade de Santiago. Reitoría ou Consello de Goberno ou Secretaría Xeral, etc. Na busca bibliográfica se é un criterio moi importante, pero non en normativa.
- Por **títulos**: permite ordear polos títulos das normas publicadas. Tampouco ten utilidade na busca de normativa.
- Por **materias**: permite seleccionar unha palabra ou palabras determinadas para listar as normas relacionadas con estas palabras. Ao seleccionar esta opción aparece un relación alfabética e dentro de cada letra un índice de palabras para seleccionar. Tamén ten un buscador de palabras chave, debaixo do índice. Estas palabras son as que aparecen na ficha de cada norma como *"palabras chave"*. Cando se fai unha busca por este criterio, aparecerán todas as normas que teñan na ficha esa palabra chave.

  Na marxe dereita da pantalla tamén se mostran estas opcións para buscar en todo Minerva ou na colección concreta.

A continuación está o **buscador** para introducir as palabras a buscar ("Busca nesta colección"). A busca pode ser simple, introducindo as palabras a buscar, con "comillas" para que busque todas as palabras que se introducen ou con operadores booleanos (and, or).

Nesta versión non se mostran as opcións avanzadas de busca (na versión anterior si aparecían estas opcións). Primeiro hai que facer unha busca (simple ou con operadores)  e logo aparecen as opcións de busca avanzada.

Na parte inferior aparecen as últimas publicacións ou modificacións da normativa da colección (”*Envíos recentes*”).

# Xestión Académica

LISTAR POR

Por data de publicación | Autores | Títulos | Materias

Busca nesta colección:

Ir

## Envíos recentes

Resolución Reitoral do 06-02-2017 pola que se publica a convocatoria para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para as persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral. Curso 2017-2018

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2017-02-06)

Resolución Reitoral do 30-01-2017 pola que se autoriza a realización de prácticas académicas externas do alumnado da titulación de Grao en Veterinaria da Facultade de Veterinaria nas instalacións do Grupo de Investigación (GI-1201) da Universidade de Santiago

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2017-01-30)

Resolución Reitoral do 31-01-2017 pola que se autoriza a realización de prácticas académicas externas do alumnado da titulación de Grao en Veterinaria da Facultade de Veterinaria nas instalacións do Grupo de Investigación (GI-1705) da Universidade de Santiago

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2017-01-31)

Resolución Reitoral do 20-12-2016 pola que se autoriza a realización de prácticas académicas externas do alumnado da titulación de Grao en Farmacia da Facultade de Farmacia nas instalacións do Grupo de Investigación GI-1645 I+D Farma en formas de dosificación e sistemas de liberación de medicamentos da

3. As opcións máis recomendables de busca

- Se coñecemos a data da norma, o máis práctico é introducila no buscador **entre comillas** (“”), co formato **dd-mm-aaaa.**

→ Exemplo, para buscar o acordo do Consello de Goberno de 5 de xullo de 2016 sobre reoceñecmento de créditos nos estudos de Grao




Os resultados son 3:

## Buscar

"05-07-2016" Ir

Mostrar filtros avanzados

Mostrando ítems 1-3 de 3

Resolución Reitoral do **05-07-2016** de acceso e admisión ao Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Curso académico 2016-2017

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-07-05)

Acordo do Consello de Goberno do **05-07-2016** sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007

Universidade de Santiago de Compostela. Consello de Goberno (2016-07-05)

Resolución reitoral do 11-10-2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-10-11)

LISTAR

Todo Minerva
- Comunidades e coleccións
- Por data de publicación
- Autores
- Títulos
- Materias

Esta comunidade
- Por data de publicación
- Autores
- Títulos
- Materias

A MIÑA CONTA
- Acceder
- Rexistro

Nas 2 primeiras a data aparece no título. No 3º resultado, a data está na descrición, xa que as buscas fanse no título, nas palabras chave e na descrición.

## Ficheiros no ítem

**Nome:** XA1204.pdf
**Tamaño:** 1.618 Mb
**Formato:** PDF



## Metadatos do ítem

| | |
|---|---|
| **Título:** | Resolución reitoral do 11-10-2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais |
| **Outro/s título/s:** | Resolución rectoral de 11-10-2016 por la que se establece el procedimiento para la solicitud, tramitación y difusión de actividades reconocibles como competencias transversales |
| **Autor/a:** | Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría |
| **Palabras chave:** | Resolución reitoral \| Resolución rectoral \| Recoñecemento \| Reconocimiento \| Estudos de grao \| Estudios de grado \| Recoñecemento de ECTS en titulacións de grao \| Reconocimiento de ECTS en titulaciones de grado \| Actividades transversais \| Actividades transversales \| |
| **Data:** | 2016-10-11 |
| **Descrición:** | Desenvolve o acordo do Consello de Goberno do 05-07-2016 (XA1199) |
| **URI:** | http://hdl.handle.net/10347/14919 |
| **Dereitos:** | CC0 1.0 Universal |

## Coleccións

- Xestión Académica [1117]

- Se queremos facer a busca por varias palabras, o mellor é poñer entre comilladas, e utilizar operadores “OR” ou “AND”.
  → Exemplo: para buscar a **normativa de prácticas**, podemos introducir estas palabras entre comillas, pero tamén pode engadirse que busque o **regulamento de prácticas**, para completar a busca con todas as opcións posibles.
  Imos facer a busca de “normativa de prácticas” e a continuación “normativa de prácticas” or “regulamento de prácticas” para ver a diferenza de resultados:

  Opción 1: “normativa de prácticas”. Aparecen 4 resultados.



Opción 2: “normativa de prácticas” or “regulamento de prácticas”. Aparecen 6 resultados, debido a que na última normativa denominouse regulamento de prácticas, cando anteriormente se denominaba normativa de prácticas.



4. Utilizar as opcións de ordenación para ordear os resultados por datas.

Cando son varios os resultados, unha opción útil é ordear os resultados por datas dos máis recente ao máis antigo. No exemplo anterior, imos ordear os resultados por datas.

Na parte superior dereita da busca, aparece a opción "Mostrar filtros avanzados" (esta opción, na nova versión, só aparece despois de facer unha busca). Desplegamos e vemos os filtros que podemos aplicar aos resultados da busca:




Imos seleccionar "Fecha Desc" para que poña os resultados ordeados de data máis recente á máis antiga:




Como se pode comprobar, aparece en primeiro lugar a norma máis recente (29-07-2015)

5. Busca usando os operadores booleanos: AND – OR – NOT (utilizar sempre en maiúsculas para que funcionen)

   - ✓ AND: se poñemos entre 2 palabras este operador, o resultado da busca será daquelas normas na que aparezan ambas palabras
   - ✓ OR: se utilizamos este operador, o resultado da busca serán aquelas normas nas que apareza unha ou outra palabra
   - ✓ NOT: se utilizamos este operador diante dunha palabra, excluirá os resultados onde apareza esta palabra.

   O asterisco * pode usarse como comodín para as buscas (exemplo, norm* buscará todas as palabras que empecen por norm, como norma, normas, normativa, etc.)

   Se poñemos máis + diante da palabra, indica que esta palabra debe estar necesariamente nos resultados da busca.

   Se poñemos o signo menos - diante da palabra, indica que está palabra non debe estar nas normas que buscamos.

Exemplo de busca utilizando o operador AND:
Introduciomos na caixa de busca as 2 palabras para localizar as normas que nos interesan : permanencia AND convocatorias
Os resultados serán as normas que teñan ambalas dúas palabras no título, nas palabras chave ou na descrición. Neste exemplo, son 8 resultados.

O mesmo para os demais operadores.

O máis útil é utilizar o operador AND (acotamos a busca con varias palabras que teñen que estar nas normas que buscamos). O operador OR pode ser interesante cando se fan buscas por varias palabras, como no exemplo anterior de “normativa de prácticas” OR “regulamento de prácticas)”. Se o utilizamos con palabras simples, os resultados pode ser un número moi elevado de normas.

## Buscar

permanencia AND convocatorias | Ir

Mostrar filtros avanzados

Mostrando ítems 1-8 de 8



**Resolución reitoral do 02-10-1997 sobre as convocatorias para superar unha materia polos alumnos que estean nalgunha das circunstancias establecidas nos apartados primeiro e segundo do acordo da Xunta de Goberno do 22-04-1996**

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (1997-10-02)



**Acordo do Consello Social do 03-11-2014 polo que se modifican as Normas de Permanencia nas titulacións de grao e máster**

Universidade de Santiago de Compostela. Consello Social (2014-11-03)
Engade una disposición adicional sobre o límite de **convocatorias**...



**Acordo da Xunta de Goberno do 15-11-2001 polo que se aproban as condicións de matrícula e continuación de estudos (normas provisionais de permanencia)**

Universidade de Santiago de Compostela. Xunta de Goberno (2001-11-15)



**Resolución reitoral do 07-07-1994 pola que se regula o rendemento mínimo para a permanencia no curso 1993-1994 e a aplicación a partir do curso académico 1994-1995 do apartado II.3.b do acordo da Xunta de Goberno de 16-06-1993 sobre rendemento mínimo para continuar estudos universitarios**

Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (1994-07-07)



**Acordo do Consello de Goberno do 10-03-2016 polo que se aproba o acordo transitorio de nova oportunidade para os que esgotaron o número máximo de convocatorias**

Universidade de Santiago de Compostela. Consello de Goberno (2016-03-10)



**Acordo do Consello Social do 12-11-2014 polo que se modifica a Normativa de Permanencia**

Universidade de Santiago de Compostela. Consello Social (2014-11-12)

6. Busca por materias/palabras chave.

O número de materias ou palabras chave que aparecerán vai depender se estamos en todo Minerva ou nunha colección concreta.

Se prememos na opción "materias" en toda a comundade Minerva, o número de palabras chave son 24.651



Se facemos o mesmo na colección “Normativa”, o número de palabras chave son 1.265, é dicir, só ten en conta as palabras desta colección e as subcoleccións que dependente dela (o mesmo sería aplicable se o facemos na subcolección de “Xestión Académica, só tería en conta as palabras chave desta subcolección).






Para ver as materias/palabras chave, podemos utilizar a buscador ou premer sobre unha letra determinada. No primeiro caso buscara se hai a palabra introducida, no segundo caso listara as palabras chave que comecen por esa letra. No exemplo, premenos na letra “P”.




Se prememos sobre a palabra “Permanencia” , listará todas as normas que teñan esta palabra chave na ficha.

7. **Os filtros "avanzados" de busca.** Son o mesmo que utilizar os operadores booleanos, pero seleccionando os campos e indicando onde ten que facer a busca (en título, autor, materia, etc.).

Na versión anterior, aparecía na pantalla de calquera comunidade ou colección a opción de "mostrar filtros avanzados". Nesta versión non mostra esta opción, senón que hai que facer unha busca ou premer no caixón de busca para que apareza.




Cando se preme sobre a caixa de busca, aparecerá na marxe superior dereita "mostrar filtros avanzados"




Se prememos sobre a opción "Mostrar filtros avanzados, aparecerán as caixas de texto para introducir. Para engadir máis caixas pódese premer en +

No primeiro filtro, pódese poñer que filtre en título, autor, materia, data, tipo, dereitos. Na segunda opción selecciónamos "contén", "igual", "non conten", "distinto de", e a continuación a palabra ou palabras a buscar.




## 8. Conclusión

Como se pode comprobar, é **máis práctico utilizar os operadores booleanos ou as comillas** que utilizar os filtros avanzados, que ten máis limitacións nas buscas (non permite facer a busca en calquera dos apartados, senón que hai que indicarlle onde ten que facer a busca).